

**P** PREMIO  
**D** DAMA  
**G** DE  
**L** GUION  
**S** LOLA  
SALVADOR

**DAMA** celebra a V edición del Premio DAMA de Guion Lola Salvador, nomeado así en honor á guionista e escritora fundadora da entidade. Lola Salvador, considerada mestra de cineastas, salientou pola súa achega á creación audiovisual, por ser pioneira na representación feminina na profesión e pola súa defensa dos dereitos dos creadores e creadoras.

# OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

1. O **V Premio DAMA de Guión Lola Salvador** ten como finalidade recoñecer os mellores guións orixinais de longametraxe de ficción, impulsar a creación de guións cinematográficos e fomentar a visibilidade dos guionistas.

# SOBRE O PREMIO

2. O V Premio DAMA de Guión Lola Salvador conta cunha dotación de **TRINTA MIL euros** (30.000 €) e será concedido a un único guión gañador (non poderá outorgarse ex aequo nin declararse deserto). A dotación está suxeita a tributación de acordo coa lexislación española vixente.
3. Tamén se outorgará un accésit de **DEZ MIL euros** (10.000€) en concepto de finalista. A dotación está suxeita a tributación de acordo coa lexislación española vixente.
4. O pagamento do premio realizarase por transferencia bancaria a unha conta de titularidade do beneficiario, en ningún caso se pagará a terceiros. No caso das coautorías, a contía repartirase a partes iguais.
5. O guión gañador e o accésit daranse a coñecer durante o mes de setembro nun acto público, así como na web e redes sociais de DAMA. Non se realizarán comunicacións aos participantes non seleccionados.

# REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

6. Ao **V Premio DAMA de Guión Lola Salvador** poderán inscribirse os guionistas que sexan socios de DAMA con data anterior á presentación desta convocatoria. Así mesmo, poderán inscribirse aqueles guionistas, que non sendo socios de DAMA, e con independencia da súa nacionalidade, sexan residentes en España.
7. Cada participante poderá presentar unicamente un guión. En caso de tratarse dunha coautoría, cada autor debe cumprimentar unha inscrición e igualmente só se permite un único guión.
8. As candidaturas presentaranse de forma anónima para preservar a igualdade de condicións de tódolos candidatos, polo que non debe aparecer a identidade do autor ou autores nos documentos presentados. Calquera referencia directa ou indirecta á identidade do autor/a suporá motivo de descualificación.
9. Os guións poderán presentarse en calquera das linguas oficiais de España e serán guións para longametraxes de ficción.
10. Os guións presentados non poderán ser a adaptación de ningunha outra obra preexistente de calquera tipo (por exemplo libros, obras de teatro etc.) ou xénero nin sequera do propio autor, asegurando o candidato que ten a titularidade exclusiva e sen carga nin limitación ningunha sobre tódolos dereitos de explotación da obra.

# REQUISITOS PARA LA PARTICIPACIÓN

11. Os guións presentados deberán ser completamente orixinais e inéditos, cumprindo os seguintes requisitos: non poderán estar inscritos noutros concursos durante o período comprendido entre a presentación desta candidatura e a publicación da decisión. Así mesmo, non se admitirán guións que teñan sido producidos ou que estean suxeitos a acordos para a súa produción, incluíndo expresamente as opcións de compra do guión. Tampouco poderán presentarse guións que teñan sido premiados previamente noutros concursos, que teñan recibido axudas ao desenvolvemento ou que teñan participado en laboratorios, incubadoras ou obradoiros de creación xa finalizados ou en curso.
12. No momento da súa presentación, a obra deberá estar rematada, en condicións para a súa apta realización cinematográfica. Os orixinais deberán enviarse nalgún dos formatos convencionais que se empregan habitualmente no medio cinematográfico. As características de presentación do texto deberán asegurar a correcta lexibilidade.
13. Os guións presentados deben ser froito da creación intelectual dos seus autores, como persoas físicas. En ningún caso poden ter sido creados por ferramentas de intelixencia artificial xenerativa. De ser así, a candidatura será descartada.

# SOBRE O PROCESO DE ENVÍO DE CANDIDATURAS

**14.** O envío dos guións realizarase a través da web de **DAMA**, no apartado **Premio DAMA de Guión Lola Salvador ou PDGLS**. Co fin de preservar o anonimato, o proceso de envío componse das seguintes fases:

Paso 1: Accede ao apartado [Premio DAMA de Guion Lola Salvador](#) ou [PDGLS](#) na web de **DAMA**.

Paso 2: Cumprimenta o formulario de inscrición cos teus datos persoais e acepta as condicións legais. Unha vez finalizado, recibirás un correo electrónico cun código unipersoal e intransferible. Este código serve para identificar o teu guión, non o compartas nin comuniques a persoas da entidade.

Paso 3: Entrega do proxecto. Debe ser un só ficheiro en pdf que conteña, nesta orde, a sinopse, a memoria e o guión. Entenderase por sinopse aquel relato resumido do argumento, mentres que a memoria é o texto onde se explican as intencións e a visión do guionista a través do tema, a premisa, as referencias etc. Revisa ben o documento antes de envialo. Lembra que o pdf que entregues non poderá conter o nome do autor/es, o código de identificación nin ningunha referencia persoal que permita identificar o autor.

# SOBRE O PROCESO DE ENVÍO DE CANDIDATURAS

Enche o campo de título co título do proxecto e o campo código co código que recibiches por correo.

Descarga a declaración responsable, cumpriméntaa, asínaa e súbea.

Adicionalmente no caso de tratarse dunha obra escrita noutra das linguas oficiais do Estado Español distinta ao castelán, os autores poderán xuntar a tradución ao castelán para facilitar o labor do xurado á hora de valorar a obra. Se os autores non inclúisen a devandita tradución ao castelán, outórgaselle a **DAMA** a autorización para realizar a tradución aos únicos efectos de servir de instrumento de traballo para o xurado. Ao finalizar o seu uso por parte do xurado, estas traducións serán destruídas.

**AVISO:** Por favor, non envíes ningunha comunicación na que figure o nome do guión ou o seu código de identificación, nin antes nin despois da presentación, para manter o anonimato dos participantes e garantir a imparcialidade e transparencia do proceso. Se precisas facer algunha consulta, fala sen especificar de que guión se trata. Calquera participante que se identifique cos seus datos e o código ou o título do seu guión será excluído do premio.

**15.** En caso de ausencia da documentación arriba indicada os proxectos serán excluídos do concurso.

# PRAZO DE ADMISIÓN DE CANDIDATURAS:

16. O prazo de admisión de guións será o 9 de abril ao 8 de maio de 2026, e finaliza ás 11:00 horas (hora peninsular).

# SOBRE A CONFIGURACIÓN DO XURADO DO PREMIO:

17. **DAMA** designará o Xurado do Premio e o seu presidente. O Xurado estará integrado por autores e profesionais do sector cinematográfico. O Xurado recibirá polo menos 15 guións finalistas, previamente seleccionados por un grupo de lectura profesional. Os 15 proxectos finalistas cumprirán criterios de paridade de xénero.
18. As deliberacións e votacións do xurado serán secretas. Unicamente se farán públicos o nome do gañador e o do finalistas nos medios indicados nas presentes bases. .
19. No suposto de existir empate de votos na elección do guión gañador, o voto do presidente será de calidade. Se non tivese votado por ningún dos empatados, emitirá novo voto entre eles a efectos do seu desempate.
20. A elección do guión gañador do Premio e do gañador do accésit terá carácter inapelable.

# COMPROMISOS DOS PREMIADOS

21. No caso de futura cesión de dereitos para a realización dunha longametraxe, os autores premiados comprométense a incluír no contrato co produtor a obriga de que figure de forma explícita a mención **V Premio DAMA de Guión Lola Salvador** na edición de 2026 e o logotipo de **DAMA**. Ámbolos dous elementos deberán aparecer en tódolos soportes da obra audiovisual, así como nos materiais publicitarios da mesma.
22. Os premiados deberán aceptar ou rexeitar o premio no prazo de 7 días naturais. Do contrario, o premio outorgarase a outro candidato seleccionado polo xurado.

# CONDICIÓN LEGAIS

**23.** O/A participante ou participantes na presente convocatoria deberán ser titulares únicos de tódolos dereitos de propiedade intelectual sobre o guión que presenten ao concurso. Así mesmo, garanten que o guión non vulnera ningún dereito de explotación, de honra e intimidade das persoas nin outros dereitos de propiedade intelectual e industrial e calquera outros dereitos de terceiros. Neste sentido, o/a participante eximirá á organización do concurso de toda responsabilidade legal, sendo, en consecuencia, o/a participante quen a asuma fronte a toda reclamación representada por terceiros sobre o guión presentado. O/a participante garante, con total indemnidade para **DAMA**, a autoría e orixinalidade da obra presentada e que esta non é copia nin modificación total ou parcial de ningunha outra obra propia ou allea, así como da total indemnidade para **DAMA** do carácter inédito en todo o mundo la obra presentada e da titularidade en exclusiva, sen ningunha carga nin limitación dos dereitos de explotación da mesma fronte a terceiros.

# CONDICIÓN LEGAIS

24. A participación no concurso non comporta transmisión de dereitos sobre as obras máis aló das autorizacións imprescindibles para o desenvolvemento deste nos termos aquí regulamentados.
25. Non poderá participar no concurso ningún empregado da entidade, nin membros dos seus órganos de goberno ou integrantes do Consello de Administración de **DAMA**, nin os premiados de edicións anteriores.

# CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

**26.** Toda información e datos persoais que subministren os participantes teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións contempladas pola lexislación vixente.

En todo caso, a recollida e o tratamento dos datos persoais levarase a cabo con subxección aos principios e obrigas da normativa aplicable en materia de protección de datos, e de conformidade co previsto na nosa Política de Privacidade, así como no formulario de recollida de datos.

# POTESTADE DA ORGANIZACIÓN

27. A organización poderá, sen efectos retroactivos, realizar modificacións sobre as presentes bases ou engadir anexos sobre o seu procedemento sempre que as mesmas estean xustificadas por criterios de equidade e non prexudiquen os participantes, e se comuniquen debidamente durante o transcurso do concurso. A organización terá potestade de decidir sobre os supostos imprevistos que poidan presentarse e que non estivesen contemplados nas presentes bases. En particular, a organización resérvase o dereito de cambiar as datas anteriormente indicadas se así o esixise a correcta xestión desta convocatoria.
28. A organización do concurso eliminará as copias no seu poder dos guións presentados unha vez finalizada a correspondente edición.
29. A participación no concurso implica que se dá o consentimento para trasladar toda a documentación aos membros do xurado e aos colaboradores administrativos ou técnicos relacionados coa execución do concurso.
30. O incumprimento das presentes bases ou de calquera dos requisitos para a participación, ou a falsidade de calquera dos datos aportados, dará lugar á perda da condición de participante e, no seu caso, da condición de finalista ou gañador. Neste caso, a organización poderá designar outro gañador conforme os mesmos procedementos expresados.

# ACEPTACIÓN DAS BASES

**31.** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das presentes bases, así como das decisións da organización e do xurado. A interpretación última destas bases corresponde á organización.

L  
S

>A.A.A.A